

# Clausura do belén de Begonte

O acto de clausura do belén electrónico de Begonte deixou pequeno, un ano máis, o centro cultural José Domínguez Guizán, onde durante dous meses se puido ver este peculiar nacemento, que se renovava ano tras ano. A coral feminina luguesa Cantar Delas encargouse de pechar os actos cun concerto no que fixeron un percorrido polas panxoliñas ou os cantos do Nadal de distintos países europeos. Previamente, celebrouse a tradicional entrega de premios dos certames de arte, poesía, debuxo infantil e xornalismo, convocados habitualmente dentro da programación de Nadal. Na modalidade de arte recolleu o primeiro premio Noa

Persán, e tamén houbo mencións de honra para Francisco Maceira, Jose Manuel Peña Romay e Carmen Lolo. En debuxo infantil resultaron recoñecidos 16 escolares dos sete aos 14 anos mentres que, en xornalismo, o xurado recoñeceu os escritos de Ruth Fernández, Kenia Valle e Ramón Eijo Balseiro. No certame de poesía o primeiro premio foi para Xosé Otero Canto, mentres que o segundo recaeu en Pablo Núñez e Isolina Fernández recibiu unha mención de honra. Os tres recitaron un extracto das composicións que os fixeron merecedores desta distinción. Nas distintas intervencións lembráronse as numerosas visitas que recibe este belén e pediuse a colaboración de voluntarios para dotar de novas figuras animadas o nacemento. Fotos de **C. Pérez.**



## Premios



